

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CSMAM01	Deseño e amoblamento	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MPI999	Lingua estranxeira profesional II - Inglés	2024/2025	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	IRIA ENDRINO IGLESIAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A regulación do módulo profesional de Lingua estranxeira profesional II especificase nos apartados viséximo cuarto e na disposición adicional segunda da Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024-2025. O deseño curricular para os módulos de lingua estranxeira, que se recolle no anexo II desta resolución, desenvólvese tendo en conta o perfil profesional de cada un dos títulos en cuxas ensinanzas se insiren, a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios dos devanditos módulos profesionais, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe que lles permitirán conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolveren as súas funcións con éxito no mundo laboral. Asociada a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos redactados de xeito integrado que proporcionarán o soporte de información e destreza preciso para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

Así mesmo, tal como se indica na RESOLUCIÓN do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional plurilingües para o curso 2024-2025 no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, abordarase a aproximación ao Inglés como lingua estranxeira de xeito que lle permita ao alumnado relacionar os contidos do ámbito profesional do ciclo coa lingua obxecto de estudo. Estes obxectivos dividiranse en: expresión oral e escrita e comprensión oral e escrita e perseguirán acadar unha competencia suficiente nas catro destrezas da lingua, tanto nas produtivas (expresión oral e expresión escrita); coma nas receptivas (comprensión oral e comprensión lectora).

Así pois, o alumnado debería ser quen de manexar documentación técnica en inglés, comprender e seguir instrucións orais en lingua inglesa, producir documentación escrita e interactuar verbalmente, todo dentro do ámbito profesional do ciclo.

Proxecto de FP dual con actividade en empresa dividido en dous grupos, un irá a carpintería Ramón García, S.A. e o outro a Santos equipamientos interiores, S.L., no que se combinarán os procesos de ensino aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

O módulo de Lingua estranxeira profesional II impartirase tomando o Inglés como idioma vehicular.

A esolla do Inglés como lingua estranxeira responde ao uso actual do inglés coma lingua franca, sobre todo no ámbito científico tecnolóxico.

Porén, cómpre proveer ao alumnado da capacidade de desenvolver os contidos adquiridos no ciclo tamén na lingua inglesa.

Este módulo está plantexado coma un apoio aos contidos e capacidades adquiridas nos outros módulos profesionais.

O perfil profesional determínase pola competencia xeral, polas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, polas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Este perfil profesional evoluciona cara a un maior protagonismo na toma de decisións vinculadas ao control de procesos de produción cada vez máis automatizados, ademais do desempeño de funcións en áreas como a planificación, o mantemento, a calidade e a prevención de riscos laborais, especialmente en pequenas empresas.

A incorporación de novos materiais e tecnoloxías, particularmente nos procesos de mecanización e acabados, xunto coas esixencias normativas en materia de calidade e protección ambiental, implicará a substitución de equipos convencionais por outros máis avanzados, así como a adaptación ou transformación dos procesos e sistemas produtivos.

A internacionalización dos mercados levará ás empresas a dar prioridade ao deseño, á xestión de provedores e á loxística, empregando a imaxe de marca como unha vantaxe competitiva. Isto resultará na redución

dos prazos de renovación de produtos e no incremento do dinamismo dos procesos industriais.

O currículo concrétese nos resultados de aprendizaxe, nos criterios de avaliación e nos contidos específicos, todos eles aliñados co ámbito produtivo no que se desenvolverá o profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	1	1
2	Comprensión oral	Capacidades necesarias para poder comprender instrucións técnicas emitidas en inglés.	12	24
3	Comprensión escrita	Capacidades necesarias para poder comprender documentación técnica escrita en inglés.	14	25
4	Expresión oral	Competencias suficientes para poder manter unha conversa técnica en inglés.	13	25
5	Expresión escrita	Competencias suficientes para poder producir documentación técnica e persoal en inglés.	13	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	1

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta información do ámbito profesional do título en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas propios do ámbito profesional
CA1.2 Extraéronse informacións específicas de mensaxes complexas

4.1.e) Contidos

Contidos
Textos orais e conversas propios do ámbito profesional. Idea principal e ideas secundarias. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.
Comprensión de mensaxes complexas propias do ámbito profesional.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Comprensión oral	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta información do ámbito profesional do título en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas propios do ámbito profesional
CA1.2 Extraéronse informacións específicas de mensaxes complexas

Criterios de avaliación
CA1.3 Comprendéronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, e identificáronse as pautas de cortesía asociadas
CA1.4 Identificáronse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira
CA1.5 Interpretouse en textos orais información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional
CA1.6 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral

4.2.e) Contidos

Contidos
Textos orais e conversas propios do ámbito profesional. Idea principal e ideas secundarias. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.
Comprensión de mensaxes complexas propias do ámbito profesional.
Mensaxes de saúdo e de despedida. Formas de presentación lingüisticamente complexas. Pautas de cortesía asociadas.
Ferramentas de apoio para a interpretación da lingua estranxeira.
Recursos lingüísticos para a tradución da lingua estranxeira.
Interpretación de información sobre produtos e servizos do ámbito profesional.
Terminoloxía do ámbito profesional.
Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión oral.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Comprensión escrita	14

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Interpreta información profesional do ámbito do título en textos escritos e documentos, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira
CA2.2 Interpretouse en textos escritos información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional
CA2.3 Interpretáronse estatísticas e gráficos en lingua estranxeira sobre o ámbito profesional
CA2.4 Léronse e comprendéronse, con un alto grao de independencia, distintos tipos de textos
CA2.5 Identificouse o contido de artigos, noticias e informes sobre temas profesionais
CA2.6 Analizouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes
CA2.7 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita

4.3.e) Contidos

Contidos
Textos específicos do ámbito profesional. Servizos e produtos do ámbito.
Comprensión independente de diferentes tipos de textos.
Interpretación de gráficos e estatísticas.
Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
Información específica en mensaxes técnicas.
Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.
Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión escrita.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Expresión oral	13

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta información do ámbito profesional do título en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	NO
RA3 - Produce mensaxes orais e mantén conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do título	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas propios do ámbito profesional
CA3.1 Expresouse con fluidez sobre temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas
CA3.2 Utilizáronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, consonte as pautas de cortesía asociadas
CA3.3 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais
CA3.4 Utilizouse un vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación
CA3.5 Comunicouse espontaneamente utilizando correctamente nexos e estratexias de interacción, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias
CA3.6 Formuláronse as preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta da mensaxe
CA3.7 Proporcionáronse as respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas
CA3.8 Transmitíronse con fluidez mensaxes relativas a calquera eventualidade
CA3.9 Atendéronse consultas telefónicas propias do ámbito profesional

Crterios de avaliación

CA3.10 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión oral

4.4.e) Contidos
Contidos

Textos orais e conversas propios do ámbito profesional. Idea principal e ideas secundarias. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.

Estratexias comunicativas para unha expresión fluída sobre temas profesionais. Relación entre as ideas e mantemento da claridade no discurso oral.

Mensaxes de saúdo, presentación e despedida. Produción consonte as pautas de cortesía asociadas.

Fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.

Vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación.

Estratexias de interacción en conversas habituais do ámbito profesional. Uso correcto de nexos. Nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.

Preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta dunha mensaxe. Respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.

Fluidez na transmisión de mensaxes relativas a calquera eventualidade.

Consultas telefónicas propias do ámbito profesional.

Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Expresión escrita	13

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Interpreta información profesional do ámbito do título en textos escritos e documentos, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Redacta e cobre documentos de carácter profesional no ámbito do título, coa cohesión e a coherencia requiridas para unha comunicación eficaz	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Analizouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes
CA2.7 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita
CA4.1 Formalizáronse con corrección e empregando a terminoloxía específica formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros
CA4.2 Redactáronse cartas, correos electrónicos, notas e informes consonte as convencións apropiadas para estes textos
CA4.3 Resumíronse informacións de revistas, folletos e outras fontes, sobre asuntos relacionados co ámbito profesional
CA4.4 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos
CA4.5 Elaboráronse documentos propios da actividade profesional cunha estrutura coherente e con cohesión, empregando o vocabulario e os signos de puntuación adecuados
CA4.6 Elaboráronse documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades
CA4.7 Redactouse a carta de presentación para unha oferta de emprego
CA4.8 Elaborouse un curriculum vitae no modelo europeo (Europass) ou outros propios dos países da lingua estranxeira
CA4.9 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión escrita

4.5.e) Contidos

Contidos
Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.

Contidos

Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión escrita.

Formalización de formularios, informes breves e outros documentos normalizados ou rutineiros.

Redacción de cartas, correos electrónicos, notas e informes.

Estrutura coherente e recursos cohesivos.

Vocabulario específico do ámbito profesional.

Elaboración de documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades.

Redacción de cartas de presentación para ofertas de emprego.

Elaboración do curriculum vitae.

Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles:

- Extraeu informacións específicas da mensaxe
- Recoñeceu a finalidade da mensaxe directa, telefónica ou por outro medio auditivo
- Identificou a idea principal de mensaxes e de conversas
- Comprende as instrucións orais que poidan darse en procesos habituais de comunicación do seu ámbito profesional
- Realizou traducións directas e inversas de textos sinxelos utilizando materiais de consulta e dicionarios técnicos
- Comprende textos de distintos tipos, co apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos
- Interpretou o contido global da mensaxe
- Interpretou información específica recibida a través de diferentes soportes
- Comprende textos do seu ámbito profesional e extraeuse a información máis relevante
- Expresou con eficacia sobre unha serie de temas profesionais, marcando a relación entre as ideas
- Realizou presentacións breves e preparadas sobre un tema da súa especialidade
- Preparou unha presentación persoal
- Emitiu mensaxes orais concretas para resolver situacións puntuais

- Utilizou correctamente a terminoloxía básica da profesión en producións orais
- Describe secuenciouse de maneira xeral un proceso de traballo da súa competencia
- Describiu o seu contorno profesional máis próximo co uso das estratexias de comunicación necesarias
- Expuxo a aceptación ou o rexeitamento de propostas realizadas
- Solicitou a reformulación do discurso ou de parte del.
- Expresou adoptando o nivel de formalidade adecuado
- Respectou os usos culturais e sociolingüísticos que axudan na expresión oral
- Realizou traducións directas e inversas de textos sinxelos utilizando materiais de consulta e dicionarios técnicos

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación obteranse do peso dado aos instrumentos de avaliación, criterios de avaliación, e de ser o caso, das UD.

A competencia oral versará na realización de comunicacións orais, individuais ou en grupo, nos que se valorará o contido, a gramática e a pronunciación.

O peso das probas escritas será dun 50%

O peso das probas orais será dun 30%

O peso das tarefas realizadas na aula será dun 20%

Para aprobar cada unha das avaliacións trimestrais, deberá obterse unha nota de 5 puntos. Unha vez obtida a nota de cualificación, cualificarase a avaliación cun valor numérico sen decimais entre 1 e 10 puntos, redondeándose á cifra enteira mais próxima.

Para que a cualificación final do módulo resulte positiva, será imprescindible a cualificación positiva, e dicir igual ou superior a 5. A nota final do módulo será a media aritmética das notas das avaliacións trimestrais, redondeándose á cifra enteira mais próxima.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación dunha avaliación trimestral planificaranse de xeito que, salvo que se perda o dereito a avaliación continua, se poidan recuperar dentro do transcurso normal do módulo.

Se despois de acabado o periodo ordinario de sesións houbera algún mínimo esixible, tendo en conta que un CA é mínimo esixible cando se considera imprescindible para lograr o resultado de aprendizaxe (RA), faríase unha proba de avaliación extraordinaria, na que o alumno tería que recuperar as avaliacións trimestrais que non tivera aprobadas con anterioridade.

Ditas probas de recuperación, escritas e orais, versarán sobre o temario desenvolvido no módulo.

Unha vez realizadas as probas de recuperación, realizarase a cualificación final do módulo, segundo os mesmos criterios de cualificación (ponderación das notas de probas e tarefas, cálculo da cualificación final, etc.) recollidos no apartado 5 da programación, en función do peso dado aos instrumentos de avaliación, criterios de avaliación, e der o caso, das UD.

Cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario obter unha puntuación de 5 ou superior para poder superar o módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que, por acumulación de faltas de asistencia, perdan o dereito a avaliación continua, realizarán unha proba extraordinaria, escrita e oral, versada no temario do módulo explicado ao longo do curso. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario obter unha puntuación de 5 ou superior para poder superar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no grupo celebrará , unha vez ao mes en data fixada polo titor, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións.

Para facer este seguimento utilizarase o modelo establecido polo plan de calidade implantado no Centro, nel concretaranse, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, xustificando, de ser o caso, as causas das modificacións, así como as propostas de mellora da propia programación.

Estes documentos servirán de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso farase unha proba de avaliación inicial, na que se identificarán os diferentes niveis presentes no grupo, así como as posibles necesidades especiais do alumnado. De detectarse a existencia dalgún alumno con NEE ou NEAE traballarase conxuntamente co departamento de orientación para deseñar un plan específico de actuación e adaptación ou reforzo educativo.

Os resultados da avaliación inicial empregaranse para establecer o nivel de partida e as diferentes estratexias para poder cumprir cos RA do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de haber alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, actuarase de forma coordinada co departamento de Orientación do centro, procurando dar unha atención o máis personalizada posible. Salvo que se indique a necesidade de aplicar unha Adaptación Curricular Individualizada, en caso de haber alumnado con NEAE, aplicaranse as medidas de reforzo de acordo co protocolo remitido polo departamento de educación

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Este módulo é especialmente atractivo á hora de abordar a transversalidade e a educación en valores, posto que a propia lingua e os diferentes rexistros culturais así o requiren. A base de todo proceso no que se estableza unha relación entre individuos será sempre tomando como base o respecto e a comprensión da posición da persoa coa que se estea a interactuar. Respeto e empatía. Dentro dos contidos deste módulo, faise mención dos usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos propios da lingua estranxeira. Existen unha serie de diferenzas culturais que poden empregarse para poder profundizar na educación en valores.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Esta parte da programación está aberta á posible realización de actividades fóra do centro.

10. Outros apartados

10.1) Avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso, procederase a realizar unha proba de avaliación inicial, para poder determinar o nivel do alumnado matriculado, e así poder decidir as medidas preventivas e/ou correctoras, de seren necesarias.

10.2) Regulación

A regulación do módulo profesional de Lingua estranxeira profesional II especificase nos apartados viséximo cuarto e na disposición adicional segunda da Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de

Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024-2025. O deseño curricular para os módulos de lingua estranxeira, que se recolle no anexo II desta resolución, desenvólvese tendo en conta o perfil profesional de cada un dos títulos en cuxas ensinanzas se insiren, a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios dos devanditos módulos profesionais, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe que lles permitirán conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolveren as súas funcións con éxito no mundo laboral. Asociada a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos redactados de xeito integrado que proporcionarán o soporte de información e destreza preciso para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

Así mesmo, tal como se indica na RESOLUCIÓN do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional plurilingües para o curso 2024-2025 no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, abordarase a aproximación ao Inglés como lingua estranxeira de xeito que lle permita ao alumnado relacionar os contidos do ámbito profesional do ciclo coa lingua obxecto de estudo. Estes obxectivos dividiranse en: expresión oral e escrita e comprensión oral e escrita e perseguirán acadar unha competencia suficiente nas catro destrezas da lingua, tanto nas produtivas (expresión oral e expresión escrita); coma nas receptivas (comprensión oral e comprensión lectora).

Así pois, o alumnado debería ser quen de manexar documentación técnica en inglés, comprender e seguir instrucións orais en lingua inglesa, producir documentación escrita e interactuar verbalmente, todo dentro do ámbito profesional do ciclo.